



Segunda Addenda ao Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade

MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA

O director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia do curso escolar 2018-2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Continuar coa colaboración entre os asinantes do convenio para seguir impartindo as ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, concretamente o ciclo formativo de grao superior Radioterapia e Dosimetría, no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña, durante o curso 2018-2019.

Para iso, é necesario desenvolver a cláusula cuarta do referido convenio, que quedará redactada da seguinte forma:

- a. A Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación. A impartición destes módulos por profesorado especialista está prevista no anexo III A) do Real decreto 772/2014, do 12 de setembro polo que se establece o título de Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- b. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste





convenio, os dous módulos do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, e que se estiman nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2018-2019 e que se repartirán do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2018 e 21.000 euros para o ano 2019, con cargo ao concepto orzamentario 10.60.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. O dito importe transferirase ao CIEP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña, que deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. No convenio asinado o quince de setembro de dous mil dezaseis entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade, que na súa cláusula cuarta establece que:

- A Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación.
- A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio, os dous módulos do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, (Dosimetría física e clínica e Simulación do tratamento) para cada curso escolar.

2. Que para dar continuidade a estas ensinanzas faise preciso, ante o novo curso escolar 2018-2019, solicitar a ampliación do convenio.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

P.S.: Resolución do 16 de xullo de 2018

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

